

**Acta núm. 25/2019.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 15 de outubro de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:
Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 12,00 horas do 15 de outubro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 24/2019, DO 10.10.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) LICENZAS DE VADO PERMANENTE.
- 6º) BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 24/2019, DO 10.10.2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 10.10.2019, acta núm. 24/2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SANTIAGO VEIGA BARBAZÁN, na que comunica que vai reconstruír a cheminea da edificación e reparar a fachada sur, sen afectar á estrutura e o volume da edificación, da vivenda sita na Esparís nº10 – Viceso.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº 1066104NH2406N0001KM, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 19,70euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 84,27 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ FUENTES ATIENZA, na que comunica que vai construír un porche na vivenda de Sabaxáns nº35 - Bastavales, de 1,50 m2.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- O material de cubrición será tella de barro cocido.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 15,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 79,57 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL GRANJA VIDAL, na que comunica que vai demoler e retirar unhas paredes de pedra en estado ruinoso, en Salaño Pequeno, Ons.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo de núcleo rural, área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRO-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 36,00 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 100,57 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL C. FREIRE PAZOS na que comunica que vai construír un muro de peche de aproximadamente 22 metros lineais, de separación con camiño, con bloques e postes de formigón, na vivenda sita en Cirro nº20 – San Salvador.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte cega de bloques terá unha altura máxima de 1,20 metros e a altura total non será maior de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

- O bloque de formigón quedará convenientemente enfusado e pintado en cor branca ou unha cor clara e neutra das tradicionais da zona.
- O peche situarase a 4 metros do eixe do vial.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 12,24 euros.
 - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 76,81 euros.

3º) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rosa María García Carbia que di actuar en representación de JESUGAR S.L., na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Caxusa 14, Bastavales, que conta con licenza para a construción concedida pola Xunta de Goberno o 08.02.2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado polo arquitecto Alberto Blanco Rodríguez con data 23.08.2019, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 64,57 euros.

4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por SAN RIAN S.COOP.GALEGA, de solicitude de licenza para ampliación dunha explotación gandeira (vacún de leite) mediante a construción dunha nave para vacún de leite e fosa de xurro no lugar de Vioxo de Arriba, Luaña, en solo rústico, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Álvaro Núñez Ferreiro, visado nº CO-20190656 polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas, e documentación complementaria. As parcelas onde se pretenden executar as obras (referencia catastral nº 15013A022007990000UL, nº 15013A022008040000UO, nº 15013B507001110000MB, están situadas en solo clasificado polo PXOM como rústico de protección forestal, séndolle de aplicación o disposto na Lei 2/2016, do solo de Galicia, en base a súa disposición transitoria primeira.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, da declaración de incidencia ambiental emitida pola Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente na Coruña do 10 de outubro de 2019, e do informe favorable en canto ao uso da Consellería do Medio Rural do 14 de outubro de 2019, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O interesado fará constar no Rexistro da Propiedade a vinculación da superficie da totalidade das parcelas catastrais, á construción e ao uso autorizado, segundo o artigo 39.e) da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Álvaro Núñez Ferreiro, visado nº CO-20190656 polo Colexio Oficial de

Enxeñeiros Técnicos Agrícolas, e documentación complementaria, en base ao cal se lle outorga a licenza e ao anexo ao proxecto referente ao cumprimento da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia presentado no Concello con data 11.10.2019.

-. Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá presentar comunicación previa para o inicio da actividade, segundo a Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e normativa de desenvolvemento.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-. Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional:12.611,65 euros.

-. Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas:6.953,60 euros.

Total: 19.565,25 euros.

5º) LICENZAS DE VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ALBERTO PÉREZ MOSTEIRO, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe da vivenda da Rúa do Moutello nº5, Brión.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o

dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

6º) BONIFICACIÓNS DE PREZOS PÚBLICOS.

a) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por A.M.F.V., con DNI:XXX4574XX, con rexistro de entrada no Concello núm. 3248, do 03.10.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de monitor escolar.

Vista a proposta favorable da traballadora social do 03.10.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a A.M.F.V. a bonificación solicitada ao abeiro do disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 40 euros, correspondente a súa participación no curso.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar ao interesado.

b) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por R.M.P., con nº de pasaporte:XXX8176XX, en nome da menor D.S.E.P. con rexistro de entrada no Concello núm. 3179, do 30.09.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación nos seguintes cursos:

- Inglés EP2.
- Ximnasia rítmica.
- Patinaxe.
- Judo.

Vista a proposta favorable da traballadora social do 03.10.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a R.M.P a bonificación solicitada ao abeiro do disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 115 euros, correspondente o 50%(75 euros) da participación na actividade de Inglés EP2 e o 100%(40 euros) da participación nunha soa do resto das actividades.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar ao interesado.

c) Deuse conta dunha solicitude de bonificación presentada por Y.M.S.Q., con NIE:XXX8535XX, con rexistro de entrada no Concello núm. 3249, do 03.10.2019, na que solicita a exención do 100% da tarifa correspondente a súa participación no: Curso de monitor escolar.

Vista a proposta favorable da traballadora social do 03.10.2019, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a Y.M.S.Q. a bonificación solicitada ao abeiro do disposto no artigo 5.6 da ordenanza fiscal reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, por importe de 40 euros, correspondente a súa participación no curso.

2º) Dar conta deste acordo á tesourería e intervención municipais para o seu coñecemento e efectos, e notificar ao interesado.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 12,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González